



NADAL EN SADA

PRIMERA.- O concurso ten por obxectivo principal o fomento da interrelación da comunidade escolar, tecido comercial e veciñanza de Sada e o fomento do galego nestos eidos a través da elaboración de postais de Nadal que serán seleccionadas polo Concello de Sada para a campaña de Nadal do presente ano.

SEGUNDA.- Cada autor poderá concorrer cunha única postal que deberá ser orixinal e inédita, entendéndose como tal unha obra que sexa da súa exclusiva autoría e propiedade e que non teña sido exposta nin presentada anteriormente en ningún outro certame ou concurso.

O tema a empregar deberá estar relacionado co Nadal e o tamaño correspondente e de A4, sendo as técnicas de pintura de libre elección.

TERCEIRA.- O concurso está dirixido a todos os rapaces e rapazas de Sada, menores de 16 de anos, cun único traballo por autor/a.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite o xoves 10 de decembro nos centros escolares (CEIPs e I.E.S) da localidade, Omix Sada ou ben no rexistro xeral. O Xurado reunirase na Casa Consistorial o venres 11 de decembro para fallar o Concurso.

QUINTA.- Cada traballo debera levar ao dorso os datos do/a autor/a: Nome, apelidos, idade, enderezo, localidade, parroquia, teléfono e/ou correo electrónico.

SEXTA.- O xurado estará composto por personal das áreas de Promoción Económica, Xuventude, e Normalización lingüística do Concello de Sada.

SÉTIMA.- Os gañadores do concurso xunto coa imaxe do seu traballo publicaranse na web e redes sociais do Concello.

OITAVA.- Ademais da publicación e difusión haberá tres premio sorpresa para os deseños mais valorados polo xurado.

NOVENA.- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e a cesión ó Concello de Sada dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como

calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

DÉCIMA.-“De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou dos do menor (nos seu caso) é o Concello de Sada (Avenida da Mariña, 25, 15160 Sada, A Coruña). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Postais organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán (excepto no dito na cláusula sétima), salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.sada.gal/opencms/es/>

En Sada a 24 de novemebro de 2020



Laura Rodríguez Pena
Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego